

BIBLIOTECA DAS LETRAS GALEGAS

CELSO EMILIO FERREIRO

Celso

Onde o mundo  
se chama Celanova

Edición de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo

X E R A I S



**ANTONIO PIÑEIRO**

Técnico de Cultura do Concello de Celanova, foi delegado de *La Región* de Ourense para as comarcas de Celanova e a Baixa Limia e na actualidade colabora asiduamente con este medio con artigos de opi-

nión sobre diario acontecer social de Galicia.

Premio de xornalismo da Festa do Pulpo (1992) e premio Xosé Aurelio Carracedo (1997), ten publicado varios monográficos sobre distintos aspectos da historia de Celanova.

# Celso Emilio, 25 anos na memoria de Celanova

Antonio Piñeiro

Con motivo da publicación dun libro ilustrado, conmemorativo do milenario de San Rosendo, Celso Emilio Ferreiro escribía un fermoso texto, que máis que unha presentación da súa vila natal, era unha declaración de principios sobre cómo un espacio axuda a formar unha personalidade e de qué xeito o mundo se ve dunha determinada maneira segundo sexa a primeira xanela pola que un mira ese mundo ó través dela.

Baixo o título de "Celanova no corazón", dicía, naqueles días 1977, o poeta: «A miña patria primordial, o meu país primiceiro está en Celanova, cos seus vales namorados que a cinguen, húmedos e fecundos, anai-nados por ventos benévolos, sulcados por ríos cantareiros que veñen de lonxanas cumes e van camiño do mar en romería. Rilke o dixo: "A patria do home é a súa infancia". En Celanova transcurriu a miña nenez e adolescencia deslumbradas. Alí comecei a descubrir o mundo. Dalí saín en busca do mundo ancho e alleo. E ata alí chego,

*de volta do mundo, cando quero achar un pouco de paz e sosego para o meu espírito canso.*

*Celanova é para min un mito, que é tanto como dicir un conto de nunca acabar. Un mito -mito significa fábula- que comezou hai dazaoito séculos cando os nosos antergos, os Coelerni, baixaron dende o castro de Coeliobriga -hoxe monte de Castromao- para establecérense no lugar de Coelianova que, oitocentos anos despois, se chamaría Celanova, onde San Rosendo fundou o seu Mosteiro, pedra solar da vila e a súa razón de ser e estar no mundo.*

*As causas polas cales San Rosendo deixou a sede e o báculo mindonien-ses para vir a Celanova, de freire, e quedar aquí a vivir e morrer, hai que atribuírlas ós misterios sacros da inspiración divina. Pero foi, dende logo, unha decisión sabia e acertada, pois se hai no mundo unha terra onde os ollos poidan descansar libremente, onde o corazón benigno poida latexar sen angurias e o home vivir*

*cáseque á marxe do tempo, para morrer coma nun soño, esa terra, que semella máis imaxinada ca real, esa terra está en Celanova.»*

Tan só dous anos despois de botar a andar estas fermosas "palabras en romaría", unha noite de verán, acougando na casa dos seus fillos en Vigo, deitouse para descansar e xa non espertou máis que para a historia da literatura galega e para a historia da poesía.

Con motivo do 25 aniversario daquel inagardado pasamento, Celanova, por medio do seu Concello e da Fundación Curros Enríquez, decidiu sacar á rúa os seus poemas co fin de que veciños e visitantes poidesen convivir durante uns días coas intensas sensacións que provocan as palabras cando están preñadas de amor á terra.

Velaí, pois, unha ducia de poemas, unha selección deses versos que definen "Onde o mundo se chama Celanova" e lle teñen dado dimensión universal á súa terra.

*Lonxana Celanova vinculeira,  
torre ebúrnea da miña mocidade,  
cando te lembro sai da súa toqueira  
coma un furón de soños, a saudade.*

*Unha chuvia monótona e tristeira  
cai decote na miña intimidade,  
e sinto que unha sombra silandeira,  
coma un solpor o meu espírito invade.*

*Quero voltar a ti, nai agarimosa,  
colo natal, arxila rumorosa,  
pra acalar esta anguria que me berra  
dende o fondo da noite estremecida,  
pedindo amor, pregando fe de vida  
pra ser eternamente alma da terra.*

Caracas 1971

#### **ALMA DA TERRA**



#### **MODESTIA FORA**



*Nacín (modestia fora)  
nun lugar onde o mundo  
se chama Celanova.  
Moitas vegadas  
a miña nai contóumo.*

*O día que ti naciche  
houbo estranas sinais no ceo.  
Outo era entón o vento de xaneiro,  
as pombas do solpor tornaban lentas  
na serán sosegada.*

*Arpas invisíbeles,  
penduradas das torres centinelas,  
mentían un rumor de frootas doces.  
Cando chegou a noite envolta en nardos  
coutóu a derradeira luz do día  
que aguniaba alá lonxe  
como brasa mortiza dun rescaldo.*

*(Como brasa mortiza  
ten sido a miña vida,  
como brasa mortiza dun rescaldo.  
Por eso vivo coa angueira  
de non saber si son lume  
ou si son samente fume  
dunha remota fogueira.)*

**OS MEUS AMIGOS**

A recoller me dediquei esta tarde  
 las solitarias calles de mi aldea,  
 acompañado por el buen crepúsculo,  
 que es el único amigo que me queda.

NICANOR PARRA

*Ademáis do solpor  
 quédanme a min  
 outros grandes amigos  
 na vila onde nacín.  
 Quédanme as outras torres  
 douradas polo vento,  
 quédanme as pombas  
 que aniñan no convento.  
 Son meus os bosques,  
 son miñas as campás,  
 miñas as noites frías  
 e as tépedas mañás.  
 Quédanme as longas tardes de verao  
 morrendo entre luzadas solermiñas.  
 E as cancións que se cantan nas tabernas  
 son todas miñas.  
 Teño alá algun vello compañeiro  
 da miña adolescencia desnortada  
 e pode que se lembre con añoiro  
 da miña mocidade inadaptaada.  
 Quédanme as rúas  
 e as fontes,  
 quédanme as corgas  
 e os montes.  
 E xunto á cinza  
 da lareira paterna  
 quedame aínda  
 sangue fraterno.  
 E quedame tamén  
 o berce do meu canto,  
 e teño alí ós meus  
 durmindo en paz  
 no camposanto.*

**TERRA**

*Todo o meu ser está ligado á terra,  
 sábeme a terra todo na memoria,  
 terra o camiño, terra a miña historia,  
 terra esta voz que no deserto berra.*



*EN CELANOVA HABÍA UN NENO TRISTE*

*O vento era segrel na Pedramoa  
e na Coutada envolta en rechouchíos  
ían mociñas ledas con pandeiros  
nun remexer de risas e donaires.*

*En Celanova había un neno triste  
con cárceres durmindo longas noites  
i amargos sons de bronces nos abrentes  
de torres sulagadas baixo a néboa.*

*Era un neniño nado para lóstrego,  
doído de soidá, lévedas mágoas  
dun derradeiro amor que nin xiquera  
fora casulo ou ar de volvoreta.*

*En Celanova había un neno triste  
cun fondo río de orfandá no peito.  
Dime, señor; ¿qué voces temerosas  
se pousaron no teito dos seus sonhos,  
cativo Prometeo sin consolo  
decote a pedra de volcán atado?*

*¿Qué escuridá sin nome, abutre cego,  
mordeu a súa alma,  
pomba sin fel voando sobre a lama  
en busca de quentura e de surrisas?*

*Pono, señor; a túa man dereita,  
pois era un neno triste e non xugaba,  
nin tiña outra ledicia que o balbordo  
dunbas campás o alborexar o día.*



**PROGRAMA ÓS MEUS VECIÑOS**

*Ouro vello de outono e prata fina,  
a lúa embaixo, o sol enriba.*

*Nesa surrisa túa, Celanova,  
pola que pasa o vento,  
bai unba triste historia non contada,  
feita de amor e troquelada en ferro.*

*Longos días de pranto e de cinza,  
a lúa embaixo, o sol enriba.*

*Por ise rostro craro,  
no que se miran todas as estrelas,  
pasan sulcos de luz estremecida,  
cantigas de mencer, noites de pedra.*

*Escumas de saudades sempre vivas,  
a lúa embaixo, o sol enriba.*

*Cando sorrís, libérase. Só saben  
surrir aqués que levan a esperanza.  
Quen espera non morre  
i o que sabe sorrir é quen se salva.*

*Afia o teu tecer; a espada afia,  
a lúa embaixo, o sol enriba.*

**EIQÚ SERÁ**

*Quero morrer eiquí (cando me chegue  
a hora da viaxe que me agarda).*

*Eiquí, niste silencio  
de pombas arruladas,  
niste vento que dorme nos piñeiros  
un profundo soño de arelanzas.*

*Quero morrer eiquí con ollos postos  
no fumegar das tellas, na borralla  
do tempo, frente a frente  
de min, aberta a ialma  
aos latexos das horas, nunca tarde  
ateigada de arpas.*

*Van e veñen as nubes viaxeiras,  
as anduriñas pasan.*

*O pandeiro da chuvia  
repinica unha maina  
melodía de outono,  
que no roncón do río se acompasa.*

*Quero morrer eiquí. Ser sementado  
nesta miña bisbarra.*

*finar eiquí o meu cansancio acedo,  
pousar eiquí pra sempre as miñas azas.*

**PAISAXE CON FIGURA**

*E véxome rubir, neno que eu era,  
montado nun burriño, costa enriba,  
camiño de Acebedo onde mouraba  
toda a infancia miña.*

*No outo de Penagache branqueaba a neve  
e morría o outono.*

*A serán e a paisaxe, irmás xemeas,  
esvaíanse nos bosques de ouro.*




O MEU VAL

*Donde doy pasos perdidos  
Por tierra que todo es aire.*

LOPE DE VEGA

*Meu largasío val de Celanova  
que o meu tempo de neno alomiñache  
con sombras de outos páxaros, con ventos  
cantando polos bosques de amieiros.  
As mazairas en frol,  
os acebos i os pinos que te arrolan,  
apréixanche a cintura tan galana,  
tan cinguida de ríos namorados,  
meu rumoroso val dos pitorreises,  
das calandrias, das rolas, das papuxas  
pola serán enriba  
nun solpor de lonxanos bourizontes.  
Val das campanas fondas, volvoretas,  
feitas froles cheirosas nos curutos,  
rosas de quente voz polas ladeiras.  
val das raposas loiras, das doniñas,  
que entre carqueixas pasan fuxidoiras,  
mentres as rás orquestran nas xunqueiras  
noites mainas de luz estrelecida.  
Lémbrote a ti, terra dos meus abós,*

*berce dos mortos meus que están durmindo  
un soño de raigames e de nubens,  
de brancas maus decindo adiós á neve.  
en folerpas de pombas manseliñas.  
Nunca en ningures houbo un sol tan morno  
como o que a ti te aquece gasalleiro  
nas raxeiras do inverno baixo os olmos  
ou rente os muros longos das tapadas,  
meu garimoso val das silandeiras  
mañás envoltas en pandeiros tristes  
I en lizgaios marmurios de cantigas.  
Nunca en ningures vin verdes mais puros,  
tan vizosos outeiros, tantas mozas  
de ollada azur,  
andando cun mecer de corvas novas.  
¿Cándo, meu tempo, cándo levarasme  
deica aqueles regatos choutadores  
que van ós ríos cantando en romeiría  
e chegan até o mar grande e lonxano  
arrecendo a mirtos e loureiros?*

**CANTIGA PRA DURMIR A UN NENO**

*Celanova ten un vento,  
Celanova un vento ten,  
un vento peleriñante,  
un vento que vai e ven.*

*Un vento que máis que vento  
é un teimoso roncón  
fungando polos tellados  
con grave e tristeiro son.*

*Iste vento vagamundo,  
vai coa lúa, ven co sol,  
vai cos mozos, ven cos vellos,  
vai coa neve, ven coa frof.*

*Vai coas nubes viaxeiras  
por camiños de romaxe.  
Ven co pandeiro da chuvia  
repenicando a paisaxe.*


*De día vai cos paxaros  
i anda a brincar polas hortas.  
De noite ven cos morcegos  
i anda a petar polas portas.*

*Meu neno, no teñas medo,  
que iste vento é meu amigo,  
i anque rosma polas rúas  
non te levará consigo.*

*Vento que vas á ventura,  
¿non ollas cómo che aceno?  
Vaite deiquí paseniño  
deixa dormir ó meu neno.*

*¿Ónde se marchóu mi padre  
o ventiño reiseñol,  
ventiño de doce gaita,  
ónde se foi co seu fol?*

*O vento atópase canso  
do seu constante bulir.  
Deitouse nos piñeirales,  
coma nun berce, a dormir.*







**O ESTRANXEIRO**

Pra os nenos poetas do Colexio  
"Rosalia de Castro", de Vigo

*Quero acougar nunha terra  
i ando a buscar unba patria,  
senlleira e ceibe, que teña  
un ledó vento de gaitas,  
unbos homes de alma ergueita,  
unba lingoa proletaria  
que se fale sin xenreiras;  
un ceo azul vestido,  
unbas nubes viaxeiras,  
unba cantiga de amigo,  
un calis con sete estrelas,  
un Ourense labrador;  
unba donda Pontevedra,  
unba Cruña frente ó mar,  
unba Celanova esgrevia,  
un Lugo color de aceiro,  
un Vigo de ancha ribeira,  
un Cambados soñador;  
un Mondoñedo de feira,  
un Tui a carón do río  
que as súas torres espella,  
i alá lonxe, toda de ouro,  
nun outeiro, Compostela.*

**XANEIRO 1972, II**

O pan é máis útil que a  
Poesía, pro ¿cómo comer o pan  
Sin o compango da poesía?  
A.S.

*Cando quero vivir  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando semento a esperanza.  
Digo Moraima  
e ponse azul a alba.*

*Cando quero soñar  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando a noite é pechada.  
Digo Moraima  
e ponse a luz en marcha.*

*Cando quero chorar  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando a anguria me abafa.  
Digo Moraima  
e ponse a mar en calma.*

*Cando quero surrir  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando a mañá é crara.  
Digo Moraima  
e ponse a tarde mansa.*

*Cando quero morrer  
non digo nada.  
E mátame o silencio  
de non decir Moraima.*